Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 2 DE NOVEMBRO DE 2026 | LUNES, 2 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 209

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### NEDA

*Bases reguladoras da concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o curso escolar*

**ANUNCIO**

**Bases reguladoras da concesión de subvencións municipais para a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o curso escolar**

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 26.10.2026 aprobáronse as Bases reguladoras para a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o curso escolar, cuxo texto se transcribe:

**Bases reguladoras da concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o curso escolar**

**Expediente en TEDeC:** 2026/A002/000005

A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito de todos á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudios a quen carezan de medios económicos suficientes para elo.

**PRIMEIRA.- OBXECTO**

As presentes bases teñen por obxecto a regulación das axudas para a adquisición de libros e material escolar (material de papelería, mochila e estuches) destinado ás familias con menos poder adquisitivo do municipio e que non reciban outra axuda polo mesmo concepto doutras Administracións Públicas.

A convocatoria das subvencións reguladas nestas bases efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 326.48003. O importe consignado para esta finalidade no orzamento do exercicio 2026 é de 4.000,00 euros.

**SEGUNDA- DESTINATARIOS DAS AXUDAS**

1.- Poderán solicitar estas axudas para os alumnos matriculados en centros docentes sostidos con fondos públicos, desde Educación Infantil (regulada e non regulada), primaria, secundaria, bacharelato ou formación profesional, aquelas familias empadroadas no Concello de Neda, cunha renda per cápita mensual no ano anterior ao da convocatoria non superara a cantidade do 1,5% IPREM para tal exercicio.

Non obstante, as axudas non cubrirán os libros dos alumnos que xa teñan cuberto este gasto por medio de calquera outra axuda; non obstante poderán solicitar beca para o resto de material didáctico complementario.

2.- En función do anteriormente establecido, poderán solicitar ditas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar empadroado no Concello de Neda cunha antelación mínima de 6 meses.

b) Que a renda per cápita mensual do núcleo familiar non supere a cantidade de 1,5% IPREM no ano anterior ao da convocatoria das presentes subvencións.

d) Estar o corrente no pago dos tributos municipais, no momento de presentar a solicitude, salvo que os solicitantes cumpran os requisitos para ser solicitantes de subvencións de integración social.

**TERCEIRA- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE** E DOCUMENTACIÓN A APORTAR

1.- Os solicitantes cumprimentarán o Modelo de Solicitude, que poderán atopar nas Oficinas Xerais do Concello.

2.- O Modelo de Solicitude anteriormente sinalado deberá ser acompañado dos seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do D.N.I. do solicitante

b) Fotocopia compulsada do Libro de Familia.

c) Certificado de empadroamento no Concello de Neda.

d) Certificado do Centro docente onde este escolarizado o alumno.

e) Xustificantes de ingresos económicos da unidade familiar, segundo o caso: fotocopia da última declaración da renda, nóminas, certificación do INEM, xustificantes de pensións, etc.

Número de anuncio 2026/6999

f) Fotocopia da última Declaración da Renda ou, no caso de non ter obriga de presentala, certificado negativo da Administración de Facenda cos datos fiscais de todos/as os/as convivintes maiores de 18 anos, ou declaración xurada no mesmo senso e cos mesmos requisitos.

g) Xustificantes económicos de todos/as os/as membros/as da unidade de convivencia maiores de 18 anos e referidos ao período computable: nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións, certificados de vida laboral, certificados do Inem, etc.

h) Declaración xurada de ingresos irregulares no modelo que se achega xunto ó modelo de solicitude.

i) Copia das solicitudes de bolsas o axudas que polo mesmo concepto se soliciten o ministerio de educación ou administración competente.

j) Calquera outra documentación acreditativa de situacións declaradas polos solicitantes, tales como: separación ou divorcio, discapacidade ou minusvalía, carné de familia numerosa, acreditación de familia monoparental, etc.

En caso de non aportarse documentación acreditativa para el concepto de ingresos anuais, non poderá outorgarse puntuación. No caso de contradición nos datos sobre propiedades, situación económica e nivel de vida, solicitarase informe de signos externos de riqueza

3.- O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.- O lugar de presentación será no rexistro xeral do Concello de Neda en horario de 9:00 a 14:00.

**CUARTA.- CRITERIOS DE ADXUDICACION**:

| ***CONCEPTO*** | ***PUNTOS*** |
|---|---|
| *Unidade familiar cunha renda bruta anual ata 1,5 veces o IPREM no ano anterior ao da convocatoria das presentes subvencións* | ***4*** |
| *Unidade familiar cunha renda bruta anual ata 2 veces o IPREM no ano anterior ao da convocatoria das presentes subvencións* | ***3*** |
| *Unidade familiar cunha renda bruta anual ata 3 veces o IPREM no ano anterior ao da convocatoria das presentes subvencións* | ***2*** |
| *Unidade familiar cunha renda bruta anual ata 4 veces do IPREM no ano anterior ao da convocatoria das presentes subvencións* | ***1*** |
| *Unidade familiar cun fillo a cargo* | ***1*** |
| *Unidade familiar con dous fillos a cargo* | ***2*** |
| *Unidade familiar con tres fillos a cargo* | ***3*** |
| *Unidade familiar con máis de tres fillos a cargo* | ***4*** |
| *Unidade familiar cuio sustentador principal sexa viúvo/a, pai/nai solteiro, separado/a, divorciado/a* | ***1*** |
| *Unidade familiar con algún membro minusválido* | ***1*** |
| *Familia monoparental* | ***1*** |

Da Declaración do Imposto sobre a Renda utilizarase a cantidade que figure no apartado “Base Impoñible Xeral sometida a gravame”

Existirá unha única lista de beneficiarios, ordenada de maior a menor puntuación. Se o número de solicitantes fora superior ó de axudas convocadas, os empates na puntuación máis baixa, dirimiranse aplicando o criterio da renda da unidade familiar: orde inverso da magnitude da renda da unidade familiar do solicitante. Non se concederán axudas de importe inferior a 10 euros.

**QUINTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESION**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o equipo de Servizos Sociais do Concello procederá ó estudio e valoración das solicitudes.

Este equipo formulará a proposta de concesión das axudas, que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Concedida á axuda, o Concello notificarao ós beneficiarios.

Número de anuncio 2026/6999

**SEXTA.- ABONO DA AXUDA**

As axudas serán abonadas aos beneficiarios, previa presentación da documentación acreditativa dos gastos subvencionables.

Os gastos acreditaranse mediante presentación das facturas, facturas simplificadas ou outro documento xustificativo válido en dereito que permita identificar o establecemento emisor, os datos do adquirente, a data da compra, o importe e os artigos adquiridos.

Os documentos xustificativos do gasto non poderán ter data posterior a tres meses desde o inicio do curso escolar.

Deberá acreditarse que os xustificantes de gasto presentados están pagos.

O pago das axudas realizarase mediante transferencia bancaria á conta designada pola persoa beneficiaria na súa solicitude.

O pago queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente.

**SEPTIMA: DISPOSICION FINAL**

Para o non regulado nestas bases estarase o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.** Publicar estas bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

Vila de Neda, 27 de outubro de 2026

O alcalde

Ángel Alvariño Saavedra

2026/6999